

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, como Alcalde – Presidente do Concello de Brión,  
en base ás atribucións que me confire a Lei

## FAGO SABER

Que como consecuencia das extraordinarias circunstancias provocadas polo COVID-19 e seguindo as recomendacións da Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas preventivas, acórdase, dende o día 16 de marzo:

1º - A atención ó publico nas dependencias municipais verase limitada aos **casos estritamente necesarios**. Os trámites administrativos faranse por vía telemática na sede electrónica municipal (sede.concellodebrion.org) ou a través dos teléfonos:

Biblioteca Municipal:	981509969
Casa da Cultura:	981509908
Oficinas Xerais:	981887006
Centro Social Polivalente:	981509910
Escola Infantil Municipal:	981887742
Escola Municipal de Música:	981509903

2º - Recoméndase seguir con atención as indicacións das autoridades sanitarias e solicítase de toda a veciñanza a máxima colaboración. Mantemos contacto constante coas autoridades e iremos informando de calquera cambio ou medida que se adopte.

3º - Estas recomendacións estarán vixentes durante un prazo de 15 días, sempre a expensas da evolución da crise sanitaria e as recomendacións das autoridades.

Brión, 13 de marzo de 2020



José Luís García García

Diante das medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e as recomendacións das autoridades sanitarias para a adopción de medidas extraordinarias para **prever a expansión do Coronavirus COVID-19**, o Concello de Brión informa das seguintes medidas que se tomarán ata novo aviso.

1- **Cancelación de todas as actividades municipais.** Isto inclúe:

- Actividades extraescolares para nenos.  
(Inglés, xadrez, pintura...)
  
- Actividades extraescolares para adultos  
(cursos, pintura, inglés...)
  
- Actividades deportivas  
(ximnasia, ioga, roteiros, piscina...)
  
- Escolas deportivas municipais
  
- Actividades culturais  
(teatro, concertos, exposicións...)
  
- Actividades para maiores  
(memoria, baile, ximnasia, piscina...)

2- **Peche ao público das seguintes dependencias:**

- Escola Municipal de Música Magariños
- Biblioteca Pública Municipal

3- **O Servizo de Escola Infantil dos Ánxeles (Gardería), suspenderase** a partir do luns día 16 de marzo. A asistencia para o día 13 será voluntaria, se ben non se recomenda.